

## Unidade 13. Formación, evolución e final dos bloques. Os conflitos nun mundo bipolar.

### Síntese Histórica

O fin da II Guerra Mundial foi seguido dun rápido distanciamento dos vencedores do fascismo. As diferenzas entre o sistema político e económico das democracias liberais e da URSS provocaron desacordos acerca do novo ordeamento do mundo. O resultado máis importante foi a división deste en dous grandes espazos, que no diplomático e no militar poden ser caracterizados como antagónicos. A división de Berlín estendeuse a Alemaña, Europa e á totalidade do mundo. As zonas de ocupación convertéronse en fronteiras entre países, dando lugar a dúas Alemañas, dúas Coreas, dúas Chinas e dous Vietnam. Cada espazo tendeu a integrarse en institucións contrapostas: o Mercado Común fronte ao COMECON, a OTAN fronte ao Pacto de Varsovia, etc. As relacións foron tensas, ata o punto de poder falar de guerra fría, tensión que provocou unha carreira de armamentos na que a prioridade correspondeu ao desenvolvemento das armas nucleares e dos vectores capaces de facelas chegar coas menores perdas sobre os potenciais obxectivos inimigos. A acumulación da capacidade destrutiva fixo imposible a confrontación global, substituída por guerras limitadas nas zonas quentes do planeta. Este foi o devalar histórico nos anos que seguiron á II Guerra Mundial, pero antes compre recordar como se foi preparando a paz nos últimos tempos de guerra

### 1.- Bipolarización e focos de tensión.

Os acontecementos da II Guerra Mundial forzaron unha alianza entre países de tendencias políticas diferentes e ao remate do conflito os antigos aliados non se entenderon. Truman, presidente norteamericano, sentíase forte e confiaba na bomba atómica para obrigar á URSS a cumprir os acordos de Postdam, e Stalin non estaba disposto a perder o control de media Europa. Camiñábase cara ao establecemento dun mundo bipolar, no que os polos eran Estados Unidos e a URSS.

#### 1.1. A formación dos Bloques.

En marzo de 1946, Winston Churchill anunciaba nun discurso que se fixo famoso<sup>1</sup>, a aparición en Europa dun *telón de acero* entre o leste e o oeste, ao tempo que o embaixador norteamericano en Moscú, George F. Kennan, recomendaba «facer fronte firmemente aos rusos e opoñerlles unha resistencia inmutable alí onde pretenderan prexudicar os intereses dun mundo pacífico e estable».

---

<sup>1</sup> W. Churchill esforzouse en alentar aos USA para que non retiraran as súas forzas de Europa, cun discurso clásico: «Dende Stettin, no Báltico, a Triestre, no Adriático, caeu sobre o Continente un **telón de acero**. Tras el atópanse todas as capitais dos antigos Estados de Europa Central e Oriental...no que debo chamar a esfera soviética, e todos están submetidos, dun xeito ou doutro, non só á influencia soviética, senón a unhas crecentes medidas de control por parte de Moscú. (...) Os partidos comunistas que eran moi pequenos nestes países da Europa oriental, foron elevados á preeminencia e ao poder moi por riba do número dos seus afiliados e están pretendendo en todas partes o control absoluto. En case todos os casos, están prevalecendo os gobernos-policía e ata agora, agás en Checoslovaquia, non existe verdadeira democracia».

W. Churchill: *Discurso na Universidade de Fulton* (Missouri,USA). Marzo de 1946.

Mentres, no Kremlin, resultaba tamén patente a división do mundo en dous bloques: o que eles consideraban campo imperialista e antidemocrático dunha banda e pola outra o que se aglutinaba en torno á Unión Soviética que era definido polos soviéticos como campo anti-imperialista e democrático. No primeiro aliábanse os Estados Unidos, os seus aliados europeos e americanos e os gobernos anticomunistas de países que vivían unha guerra civil, como Grecia ou China. Enfronte, baixo a dirección da URSS, situábanse as novas *democracias populares* do Leste europeo, os partidos comunistas dos países occidentais, os movementos de liberación nacional das colonias e o movemento obreiro e democrático de todos os países. Esta nova forma de entender as relacións internacionais deu lugar á formación e consolidación dos dous bloques antagónicos antes citados.

## 1.2. A hexemonía dos Estados Unidos e a formación do bloque capitalista occidental.

Dada a grave crise pola que atravesaba Europa na posguerra, foron os norteamericanos os encargados de liderar un dos campos e tiveron que improvisar un sistema de dominio sobre as zonas que denominaban *mundo libre* e outro de confrontación cos seus adversarios soviéticos. Os políticos americanos basearon a súa *estratexia* en cinco puntos fundamentais:

- Sostemento dun enorme potencial militar propio, apoiado nun continuo esforzo de renovación tecnolóxica.
- Axuda económica para a reconstrución dos países afectados pola Segunda Guerra Mundial a cambio de amplas facilidades para a penetración económica e política dos Estados Unidos.
- Axuda militar aos aliados e aos países ameazados pola *subversión comunista*. Creación dun sistema de pactos multilaterais e bilaterais.
- Cerco militar á URSS e aos seus aliados a través dos pactos militares e dunha rede de bases no exterior.
- Propagación no *mundo libre* dunha ideoloxía anticomunista, bastante primaria pero eficaz, que convertía aos Estados Unidos no defensor dos tradicionais valores da civilización occidental fronte á *barbarie* soviética.

O inicio desta política e do liderado americano podémolo situar na chamada **Doutrina Truman**, formulada polo presidente dos Estados Unidos ante o Congreso do seu país e que supuxo un cambio notable na política exterior estadounidense: toda nación que manifestase o seu desexo de liberdade fronte a un réxime totalitario recibiría axuda norteamericana. Tratábase do *principio de contención* de Truman, e a súa consecuencia inmediata foi o envío da VI



Flota americana ao Exeo para intervir na guerra civil que se desenvolvía en Grecia, o que provocou a derrota definitiva da guerrilla comunista. Así se reafirmou a presenza de Estados Unidos Mediterráneo e no Próximo Oriente que estableceron bases militares en Turquía e Grecia.

A política americana complementouse cun programa económico: o **Plano Marshall**. En Xuño do 47, Marshall, secretario de Estado, propuxo un Plano de axuda financeira e económica para toda Europa coa fin de evitar que a situación ruínosa da posguerra favorecera o trunfo e a expansión do comunismo. A axuda consistía no envío de produtos gratuítos e na concesión de créditos a baixo interese, financiados polo Tesouro americano<sup>2</sup>. Reforzábanse así os lazos entre as dúas beiras do Atlántico: nació o *atlantismo*. O Plano Marshall tivo ademais outras consecuencias: acentuou a separación entre o Oeste e o Leste (a URSS e os seus países *satélites* rexeitaron a axuda) e preparou o camiño de Europa cara a súa integración económica. A inclusión na axuda da zona occidental de Alemaña significou para este país un cambio de situación, pasando de ser ocupado a ser aliado. Por outra banda, o Plano Marshall tivo unha boa acollida nos Estados Unidos pois durante a guerra a súa capacidade produtiva medrara por riba das necesidades do mercado interior e tiñase medo de que houbera unha nova crise de superproducción se os europeos, faltos de medios monetarios, deixaban de importar. O xeneral Marshall, Secretario de Estado no goberno de Truman explica aos norteamericanos a necesidade de apoiar aos europeos:

«A destrución das estruturas comerciais de Europa foi completa durante a guerra (...). A verdade é que as necesidades de Europa en produtos alimenticios e outros produtos esenciais no curso dos vindeiros tres ou catro anos excederán a súa capacidade de pago, tendo necesidade dunha axuda suplementaria importante, se si lle queren evitar graves problemas económicos, sociais e políticos.

(...) É lóxico que os Estados Unidos fagan todo o que sexa posible para favorecer a volta do mundo a unha saúde económica normal, sen a que non pode haber nin estabilidade política nin paz asegurada. A nosa política non está dirixida contra ningún país nin doutrina, senón contra a fame, a pobreza, a desesperación e o caos. A súa fin deberá ser o restablecemento dunha economía mundial sá de maneira que permita a volta ás condicións políticas e sociais nas que poidan existir institucións libres... Todo goberno que consista en colaborar con nós na tarefa de reconstrución atopará, estou seguro, unha cooperación completa por parte do Goberno americano. Todo goberno que manobre para deter a reconstrución doutros países non pode agardar axuda da nosa parte».

GEORGE MARSHALL: *Discurso na Universidade de Harvard*, o 5 de Xuño de 1947.

Consecuencia directa da «*Doutrina Truman*» foi, no campo militar, a aparición da *Organización do Tratado do Atlántico Norte (O.T.A.N.)*<sup>3</sup>. A creación desta alianza militar enmarcouse na reacción que Norteamérica e as nacións de Europa occidental desenvolveron ante o temor de que se estendera ata estas últimas a dominación que a URSS implantara na Europa oriental.

A ruptura da política conxunta na Alemaña ocupada, a guerra civil grega, e o chamado «Golpe de Praga» de 1948, polo que os comunistas se impuxeron por completo, foron outros tantos feitos que empuxaron á creación da alianza militar occidental. O 4 de Abril de 1949 asinábase en Washington o Tratado da Alianza do Atlántico Norte polos

<sup>2</sup> Non se concedeu illadamente, senón a un organismo, a OECE, no que se integraron 16 países do Norte e Occidente europeos, en 1948. Dos 13 millóns de dólares de axuda, a metade repartiuse entre Alemaña, a Gran Bretaña, Italia e Francia.

<sup>3</sup> As súas orixes remóntanse á xa citada doutrina e á chamada *resolución Vandenberg*, aprobada polo Senado norteamericano en Xuño do 48 e pola que os Estados Unidos se comprometían a favorecer acordos rexionais de índole colectiva para a defensa propia, individual e colectiva.

representantes de doce nacións<sup>4</sup>. O obxectivo do Tratado foi asegurar colectivamente a defensa dos Estados asinantes, pero deixando unha ampla marxe de apreciación ao Goberno norteamericano. Tívoise en conta o maior peso político e militar de Estados Unidos, e tamén sen dúbida a súa decisiva forza nuclear, non se prevía unha réplica inmediata á agresión, o que lle deixaba ao goberno americano unha marxe de apreciación sobre a gravidade dos conflitos suscitados. Por outra banda, como a potencialidade atómica dos Estados Unidos era a forza principal e decisiva da Alianza, as nacións europeas colocábanse realmente baixo a súa protección. O proceso de nacemento e organización da OTAN desenvolveuse no medio de fortes protestas soviéticas, que denunciaban o seu carácter manifestamente agresivo, o que estaba en contradición cos acordos interaliados alcanzados durante a Guerra Mundial (Ialta e Postdam), con outros tratados bilaterais e coa mesma Carta de Nacións Unidas.

### 1.3. A formación do bloque comunista

A Unión Soviética saíu enormemente engrandecida da Guerra Mundial e os seus dirixentes iniciaron un proceso para facer da súa zona de ocupación europea unha única rexión integrada. Os rusos basearon a súa dominación na permanencia do exército en toda a área, pero non había unha coordinación de bloque e os resultados variaban moito dun país a outro. A oferta do Plano Marshall colleunos desprevenidos, como demostrou a aceptación inicial de Polonia e Checoslovaquia<sup>5</sup>. Pero o rexeitamento da axuda norteamericana deixaba ao bloque socialista nunha situación difícil. Imposibilitados para restaurar as relacións económicas con Europa occidental, os dirixentes soviéticos víronse no compromiso de acelerar o proceso de integración dos seus aliados para organizar un sistema o máis autárquico posible. Fronte ás iniciativas norteamericanas, especialmente á *Doutrina Truman*, a URSS reaccionou aceptando a teoría do mundo bipolar, e optou por liderar o bloque comunista encarrando a nova época cunha estratexia de confrontación baseada fundamentalmente en seis puntos:



O astronauta Yuri Gagarin

- O continuo aumento do poderío militar propio, procurando superar o desenvolvemento tecnolóxico dos Estados Unidos e desenvolvendo un arsenal atómico disuasorio.
- A formación dun bloque militar baixo coordinación soviética no leste europeo.
- O establecemento dun sistema económico integrado, destinado fundamentalmente a servir aos intereses do desenvolvemento soviético.
- Apoio aos movementos pacifistas para mobilizar á poboación contra a política de rearme e de integración militar do bloque occidental.
- A loita contra as disidencias internas, tanto no caso dos intelectuais e pacifistas soviéticos como no dos dirixentes

<sup>4</sup> Os 12 países que asinaron foron: USA, Canadá, Gran Bretaña, Francia, Bélxica, Holanda, Luxemburgo, Noruega, Dinamarca, Islandia, Portugal e Italia. Adheríronse despois Turquía e Grecia, no ano 52; a República Federal de Alemaña, en 1955 e España no 82.

<sup>5</sup> Polonia e Checoslovaquia adiantaron a súa aceptación do Plano Marshall pero por indicacións de Molotov renunciaron á súa participación. Os soviéticos consideraron este Plano como unha maquinación imperialista dos USA.



dos países aliados.

- O apoio aos movementos de liberación nacional afroasiáticos.

Molotov lanzou un Plano que leva o seu nome e que establecía as bases para un organismo de cooperación económica na Europa oriental. O proceso de integración realizouse en dúas fases: en 1947-48 as democracias populares concertaron acordos comerciais e tratados de amizade e cooperación entre si e coa Unión Soviética en

Xaneiro de 1949, creouse o *Consello de Axuda Mutua (C.O.M.E.C.O.N.)*. Aínda que este organismo pretendía coordinar a política económica dos países que o integraban<sup>6</sup>, na realidade había unha clara dependencia da URSS. A alianza militar dos países do Leste europeo tardou aínda seis anos desde a creación da OTAN. Moscova contentábase con manter tropas estacionadas nos territorios dos seus aliados pero os diferentes exércitos carecían dunha coordinación xeral. Foi a entrada da República Federal de Alemaña na OTAN a que variou a situación establecida, reuníndose unha Conferencia en Varsovia, en Maio do 55, da que saíu o Tratado da Organización do *Pacto de Varsovia*.

## 2. A Guerra Fría (1947-58).

O termo *Guerra Fría*, que define este período da historia contemporánea, é de orixe americana. A finais dos anos 40 a expresión utilizábase para designar o complexo sistema de relacións internacionais da posguerra, a pugna entre as dúas superpotencias pola hexemonía mundial e a aparición dun abismo de temor e de hostilidade entre os dous grandes bloques xeopolíticos que apareceran tras a Segunda Guerra Mundial<sup>7</sup>. A Guerra Fría é, polo tanto, o conflito que desde a terminación da contenda mundial opón en todos os campos ás potencias do bloque oriental, dirixidas pola URSS, ao bloque occidental presidido polos Estados Unidos. Significa confrontación pero sen recorrer a enfrontamentos armados directos por parte dos líderes de cada bloque.

### 2.1. Trazos que definen as relacións internacionais na Guerra Fría

Varios foron os trazos que caracterizaron as relacións internacionais neste período, pero entre eles cómpre destacar os seguintes:

- *Estruturouse un sistema bipolar rixido*, no que non cabían as posicións intermedias, que aliñaba a dous bloques de países agrupados arredor das dúas potencias imperiais, Estados Unidos e a URSS. O mundo da posguerra preparábase para contemplar a hexemonía dos *tres grandes*, pero o esgotamento do Reino Unido e os graves problemas do seu proceso descolonizador, forzárono a delegar as súas responsabilidades internacionais nos norteamericanos, que se converteron nos *xendarmes* occidentais fronte ao bloque soviético.

---

<sup>6</sup> O COMECON estaba integrado pola URSS, Polonia, Checoslovaquia, Hungría, Romanía e Bulgaria. Posteriormente ingresaron Albania, a República Democrática Alemana, Mongolia, Cuba e Vietnam.

<sup>7</sup> Así se define na «Encyclopedia Universalis»: «A Guerra Fría é un conflito no que as partes abstéñense de recorrer ás armas para loitar unha contra outra... En cada caso, os belixerantes o que buscan é marcarse o maior número de puntos empregando todos os resortes da intimidación, a propaganda, a subversión e mesmo a guerra localizada, pero estando claramente determinados a evitar verse envoltos en operacións armadas. Cando o desexo de non deixarse arrastrar a unha confrontación militar está por riba do de levala a cabo, a coexistencia pacífica substitúe á guerra fría».

- *Houbo unha tensión permanente entre os dous bloques*, motivada pola busca do equilibrio estratéxico nun mundo profundamente alterado pola 2ª Guerra Mundial e sometido a continuos cambios na posguerra. Enfrontáronse dúas concepcións filosóficas e económicas antagónicas. A necesidade dunha reafirmación permanente do liderado das dúas superpotencias, o forzado aliñamento das demais nacións e o continuo rearme militar e ideolóxico son as consecuencias máis importantes da busca do equilibrio, que atopou na carreira nuclear a súa máxima expresión.
- *Deuse unha política de riscos calculados* destinada nun primeiro momento á contención dos avances do adversario e logo a disuadilo de calquera acto hostil, pero evitando provocar un conflito de carácter mundial. Esta política conduciu á continua aparición de *puntos quentes* —Corea, Berlín, Cuba, etc.— onde os bloques mediron as súas forzas, dispostos a reconstruír o *statu quo* pola vía da negociación, tan pronto como a asunción de riscos fose excesiva para ambos. A incerteza diante das intencións e a capacidade de resistencia do adversario forzaban a un continuo incremento da capacidade ofensiva dos bloques, pois o derradeiro risco a asumir, presente sempre nos plans dos Estados Maiores, sería a Terceira Guerra Mundial.
- *Houbo unha certa paralización dos organismos internacionais*, principalmente da ONU, aínda que foi o derradeiro recurso diante das crises. Pese aos efectos negativos do dereito de veto no Consello Seguridade, a ONU foi unha plataforma de diálogo vital nuns anos nos que a linguaxe internacional estaba cheo de connotacións bélicas.

## 2.2. Exemplos de confrontación

Durante o período da Guerra Fría os conflitos locais sucedéronse continuamente, como unha forma de confrontación permanente pero nunca definitiva. Os exemplos que imos tratar agora son, non obstante, os máis significativos.

**O Bloqueo de Berlín:** En Alemaña acentuouse a separación das potencias ocupantes. A creación dun Estado alemán occidental logrouse nos acordos de Londres, en Xuño do 48,



entre tres potencias ocupantes: Estados Unidos, Francia e a Gran Bretaña. A reacción soviética foi inmediata: considerou a medida como unha violación dos acordos de Postdam e decretou o bloqueo total de Berlín. Agardaban os soviéticos o abandono occidental da cidade pero os Estados Unidos consideraron a medida como un desafío e puxeron en marcha unha xigantesca ponte aérea, que permitiu o abastecemento da cidade durante os case doce meses que durou o bloqueo. Stalin comprendeu que a medida resultara inútil e que convertera aos alemáns

«ocupados» en «aliados» dos americanos. Dous efectos importantes tivo o choque berlinés. En primeiro lugar acelerouse o proceso de formación dos dous Estados alemáns: en Agosto

do 49 convócanse unhas eleccións xerais e nace a República Federal de Alemaña, con Konrad Adenauer como chanceler en Outubro dese mesmo ano proclamouse a República Democrática Alemaña, con W. Pieck como presidente. En segundo lugar, e no aspecto internacional, o bloqueo acelerou tamén a formación de dúas alianzas militares hostís, a OTAN e mais o Pacto de Varsovia.

Truman xustifica nas súas memorias (publicadas oito anos despois de acontecer estes feitos) a ponte aérea de salvamento emprendida polos aliados (sobre todo norteamericanos, pero tamén británicos) para garantir o abastecemento de Berlín ante o bloqueo soviético de 1948:

«O xeneral Clay veu á Casa Branca o 23 de xuño de 1948 para asistir á reunión do Consello Nacional de Seguridade que tiña lugar ese día, e pedílle que nos fixese un informe sobre a situación en Alemaña. Velaí un resumo do que nos dixo: O abandono de Berlín tería un efecto desastroso sobre os nosos planos para Alemaña occidental e retardaría igualmente a recuperación europea. En conxunto, os alemáns vían con máis temor que os aliados a posibilidade de ver abandonar a súa antiga capital. Debíamos estar preparados e seguros para facer o imposible coa fin de atopar unha solución pacífica ao problema, pero era preciso permanecer en Berlín. Indicou que os transportes da ponte aérea acadaran unha media de 2.400 a 2.500 toneladas por día, o que era máis que suficiente para asegurar o avituallamento, pero non permitía efectuar suficientes distribucións de carbón. O mínimo necesario para asegurar a vida en Berlín sen provocar sufrimentos extremadamente duros aos seus habitantes estaba estimado en 4.500 toneladas por día. Durante o verán 3.500 podían ser suficientes, pero era indispensable unha tonelaxe suplementaria os meses de inverno».

H.S. Truman. *Memorias*. 1956

**A Guerra de Corea:** Coa derrota xaponesa, Corea quedaba libre do seu ocupante pero isto foi o inicio da separación entre o Norte e o Sur. Na Declaración do Cairo, de Agosto do 45, acordouse que os xaponeses se renderían aos rusos ao norte do paralelo 38 e aos americanos ao sur do mesmo paralelo, sen considerar un definitivo reparto político. Tanto os Estados Unidos como a URSS tentaron crear cadanseu Estado que quedase baixo as súas respectivas influencias, impedindo deste xeito a unidade nacional. Coa proclamación, en Agosto do 48, da República de Corea do Sur en Seúl, e da República Popular de Corea do Norte en Pyongyang un mes despois, quedaba confirmado un dobre réxime.



En Xuño de 1950, Corea do Norte decidiu invadir Corea do Sur co obxectivo de unificar o país.

Guerra de Corea. 1950

Truman decidiu aplicar en Asia a súa política

de contención: denunciou o ataque no Consello de Seguridade da ONU, quen aprobou repeler a agresión enviando un exército expedicionario baixo o pavillón das Nacións Unidas

ao mando do xeneral Mac Arthur<sup>8</sup>. Os norteamericanos desembarcaron no Oeste, en Inchon e fixeron retroceder aos norcoreanos case ata a fronteira con China. Mao Ze Dong, líder de China, interveu, dándolle unha nova dimensión ao conflito, e o exército da ONU tivo que repregarse cara o Sur. Tras este desastre Mac Arthur propuxo o emprego de armamento atómico, pero Truman non desexaba desencadear unha guerra nuclear xeneralizada. Mac Arthur foi destituído e finalmente, en 1951, iniciáronse unhas negociacións de alto o fogo que concluíron en 1953, perpetuándose a división do país no paralelo 38º.

A guerra de Corea marcou un fito na *guerra fría* e deu lugar a varias interpretacións:

- A guerra non servira para nada: ao final, os adversarios atopáronse no mesmo punto de partida. Houbera, iso si, un millón de mortos.
- As dúas grandes potencias non ousaran embarcarse nunha guerra nuclear.
- A China de Mao convertérase na salvadora de Corea do Norte, demostrando que cos seus métodos de *guerra popular* podíase deter á superpotencia americana.
- Estados Unidos non obtivo unha vitoria total pero freou ao comunismo no paralelo 38º.

A guerra de Corea constitúe un típico conflito localizado da guerra fría. A explosión bélica provocouna un dos problemas da posguerra mal resoltos. Os bloques aliñáronse con toda claridade pero o conflito non se xeneralizou, non se lle permitiu exceder dunhas dimensións perfectamente controladas.

Declaración do presidente Truman na que expresa a posición de Estados Unidos para intervir en Corea:

«As forzas gobernamentais que estaban armadas en Corea para impedir os ataques na fronteira e preservar a seguridade interior foron atacadas por unidades procedentes do Norte (...). O ataque contra Corea demostra que o comunismo sobrepasou o estado da subversión para conquistar nacións independentes e fará uso no sucesivo da invasión armada e da guerra. Desafiou as ordes do Consello de Seguridade emitidas para preservar a paz e a seguridade internacional. Nestas circunstancias, a ocupación de Formosa por forzas comunistas constituiría unha ameaza directa para a seguridade na rexión do Pacífico e para as tropas dos Estados Unidos que cumpren alí as súas misións lexítimas e necesarias.

En consecuencia, ordenei á VII Flota que impida calquera ataque contra Formosa —Taiwán— e mando ao goberno chino instalado nesa illa que cese todas as operacións aéreas e navais contra o continente (...). Ordenei, igualmente, que as tropas americanas nas Filipinas sexan reforzadas e as medidas de axuda militar ao goberno deste país, aceleradas. Do mesmo xeito, ordenei acelerar o envío dunha axuda militar ás forzas de Francia e dos estados asociados en Indochina, así como a dunha misión militar para asegurar estreitas relacións técnicas con estas forzas».

HARRY S. TRUMAN: *Declaración oficial á prensa, o 27 de Xuño de 1950.*

**A nacionalización do Canal de Suez:** No Próximo Oriente forxárase un movemento nacionalista árabe aglutinado arredor do problema israelí: a creación do Estado de Israel en Maio de 1948. Este feito desencadeou unha guerra que durou oito meses e que rematou co trunfo israelí e a fuxida de case 800.000 palestinos, acampados en Xordania e na franxa de Gaza. En Exipto a revolución militar de 1952 derrocou ao rei Faruk e os militares sublevados, dirixidos polo coronel Gamal Abdel Nasser pretenderon modernizar o país e impulsar o movemento panarabista contra Israel. Nasser buscou o apoio soviético e a

---

<sup>8</sup> Os Estados Unidos aproveitaron a circunstancia da ausencia temporal da U.R.S.S. dos órganos da O.N.U. —en protesta porque non se recoñecía o goberno da República Popular China o seu lugar no Consello de Seguridade e se mantívase como representante de China ao pronorteamericano goberno de Taiwan— para facer aprobar unha resolución que non contou por iso co veto soviético.



extensión das alianzas cos países árabes, tratando de definir unha política antioccidental, descolonizadora e neutralista.

O desencadeante da crise foi a construción do gran encoro de Assuan. Nun primeiro momento os Estados Unidos apoiaron financeiramente o proxecto, pero a vinculación de Exipto á URSS determinou aos americanos a retirar o ofrecemento.

#### Naser comunica a nacionalización do Canal de Suez

«A pobreza non é unha vergoña, pero si o é a explotación dos pobos. Recuperaremos todos os nosos dereitos, pois todos estes fondos son nosos e este Canal é propiedade de Exipto. A compañía é unha sociedade anónima exipcia e o Canal construíuse por 120.000 exipcios que atoparon a morte durante a execución das obras. A Sociedade do Canal de Suez en París non encubre máis que unha pura explotación (...). Non daremos ocasión aos países ocupantes para que poidan executar os seus plans e esta é a razón pola que hoxe asino o acordo do goberno sobre a nacionalización da Compañía do Canal (...). Ningunha soberanía existirá en Exipto máis que a do pobo exipcio, un só pobo que avanza na vía da construción e da industrialización, e un bloque contra todo agresor e contra as conspiracións dos imperialistas».

GAMAL ABDEL NASSER: *Discurso sobre a nacionalización do Canal*, de 26 de Xullo de 1956.

O resultado foi unha reacción nacionalista do dirixente exipcio que comunicou a nacionalización da Canal de Suez. A medida anulaba a situación anterior e prexudicaba os intereses franco-británicos, accionistas maioritarios da compañía. Utilizando ao exército israelí como provocador, en Outubro dese ano, dirixiuse un ataque sorpresa a Exipto que permitiu a intervención franco-británica. Pese á condena da Asemblea Xeral da ONU, as forzas aliadas ocupan Port-Said mentres Nasser resistiu no Cairo. Nesta situación, a actitude coincidente de Estados Unidos e a URSS, deu unha solución ao problema: ordenóuselles a Francia, Gran Bretaña e Israel o cese das hostilidades e ameazóuselles co uso das armas nucleares. Aquel mesmo día ordenaban a detención das súas tropas e a súa evacuación.

A crise de Suez marcou un xiro esencial nas relacións internacionais da posguerra pois significou a desaparición da importancia europea e a utilización da ameaza nuclear. Serviu para demostrar, tamén, a forza ascendente do Terceiro Mundo.

### 3. Os inicios da distensión (1958-75): a coexistencia pacífica

Na segunda metade dos anos 50 unha serie de acontecementos provocaron cambios importantes nas relacións internacionais, entrándose nunha etapa que deu en chamarse a época da **coexistencia pacífica**. En Febreiro de 1956, ao reunirse en Moscova o XX Congreso do PCUS, Krushev expón os tres principios que debían guiar a política exterior soviética:

- Coexistencia pacífica entre Estados de réximes diferentes.
- Non exportación da revolución (ante a posibilidade dunha terceira guerra mundial).
- Transición ao socialismo por vías diversas, comprendida a parlamentaria.

Mentres, nos Estados Unidos, o presidente Eisenhower foi reelixido por ser o home que conseguira a fin da guerra coreana. Aínda que moi lonxe dunha paz auténtica, a idea da coexistencia vai abríndose paso. Pero ¿que foi o que provocou este cambio? Unha das razóns que se dan para o cambio de tendencia é o progresivo debilitamento dos bloques, que ven aparecer disensións<sup>9</sup> no seu seo. Outra das razóns, e quizais máis importante, é o

---

<sup>9</sup> A progresiva independencia da política francesa con De Gaulle, a moderación polaca e a revolta húngara do 56 non serían senón síntomas deste debilitación dos bloques.

custo crecente das armas de tecnoloxía sofisticada e a seguridade de que a súa perfección provocará que non haxa vencedores nunha hipotética guerra futura. Estaríase no que se chamou «equilibrio do terror»<sup>10</sup>. Había que crear, polo tanto, unha nova doutrina que substituíra á da resposta nuclear, vixente ata entón, e que permitira unhas novas relacións internacionais.

### 3.1. Cambios políticos que favoreceron a distensión.

Múltiples foron os cambios producidos neses anos no conxunto do mundo: uns afectaron ao liderado nas dúas superpotencias e outros á aparición do Terceiro Mundo como forza, máis ou menos organizada, na escena política internacional.

- **Kruschev e a desestalinización na URSS.**

A morte de Stalin, en marzo de 1953, foi seguida do establecemento dunha dirección colectiva durante dous anos, nos que o novo secretario xeral do Partido, Nikita Kruschev fíxose co poder. O seu mandato estivo caracterizado pola *ruptura co stalinismo*, que se plasmou nunha serie de *cambios* significativos: estableceu unha dirección colexiada —cun funcionamento máis auténtico do Politburó— deu prioridade á produción de bens de consumo co obxectivo de elevar o nivel de vida da poboación, deu garantías aos cidadáns no campo político —amnistía, peche dos campos de concentración, fin das purgas— estableceu unha maior cohesión no campo socialista e, sobre todo, flexibilizou as relacións internacionais co propósito de pórlle fin ás tensións da guerra fría, tal e como vemos no seguinte texto:

«Hai pouco tempo aínda que o lume das paixóns suscitadas pola guerra fría era tan grande que unha simple faísca podería ter provocado unha conflagración mundial. A política exterior de certas potencias occidentais estaba baseada en cálculos netamente agresivos, nunha política de «posicións de forza» (...). Actualmente, maniféstase cada vez máis en Occidente unha avaliación máis sobria da situación, unha comprensión máis razoable do equilibrio de forzas na escena internacional (...).

A vida mesma esixe que os países que teñen sistemas sociais diferentes deben aprender a vivir xuntos no noso planeta, a coexistir pacificamente (...). O recoñecemento da existencia de dous sistemas diferentes, o recoñecemento a cada pobo do dereito de solucionar por si mesmo todos os problemas políticos e sociais do seu país, o respecto da soberanía e a aplicación do principio da non-inxerencia nos asuntos internos, o arranxo de todos os problemas internacionais por medio de negociacións, isto é o que implica a coexistencia pacífica sobre unha base razoable (...).

Os capitalistas non aproban o sistema socialista; a nosa ideoloxía, as nosas concepcións sonlles estrañas. Do mesmo xeito, nós, cidadáns de estados socialistas, non aprobamos o réxime capitalista e a ideoloxía burguesa. Pero necesitamos vivir en paz e solucionar só por medios pacíficos os problemas internacionais que se presenten. Disto derívase a necesidade de facer concesións mutuas. (...) O principio de coexistencia pacífica entre estados con sistemas sociais diferentes implica a non inxerencia nos asuntos internos, a necesidade de concesións mutuas, de compromiso, e mesmo de arranxos dunha e doutra parte no terreo das relacións interestatais...».

NIKITA KRUSCHEV: *Informe á Sesión do Soviet Supremo sobre a situación internacional*

A fase revisionista alcanzou o seu punto culminante no XX Congreso do PCUS, celebrado en 1956, no que Kruschev elaborou un informe moi crítico co pasado stalinista. Denunciaba

---

<sup>10</sup> En 1945 os USA monopolizaban a arma atómica pero poucos anos despois a URSS convertérase en potencia nuclear e logo a Gran Bretaña e Francia. O lanzamento por parte dos soviéticos, en Agosto de 1957, dos primeiros Sputniks permitiu comprobar que os rusos colleran a iniciativa estratéxica nas armas de longo alcance deixando, deste xeito, de ser invulnerable o territorio dos USA. O aumento da potencia das bombas de hidróxeno, a miniaturización dos enxeños nucleares e a posibilidade de trasladalos en submarinos atómicos fixo que se empezase a considerar como unha demencia o emprego da forza nuclear como disuasión.

a represión desencadeada por Stalin, os procesos políticos, as purgas militares, o terror masivo, o abuso do poder e a desaparición da democracia no Partido, así como a construción dun Estado policial. O culto á personalidade, outro dos puntos negros do stalinismo, foi tamén obxecto de duras críticas por parte do novo líder, quen defendeu as súas teses da dirección colectiva, afirmando que «*Lenin non decidía ningún asunto importante sen pedir o consello e a aprobación da maioría dos membros do Comité Central e do Politburó*» e propoñendo desarraigar o culto á personalidade como contrario ao marxismo-leninismo. Esta renovación interna supuxo un cambio nas relacións internacionais pero os máis «ortodoxos» non aceptaron esta revisión e en Outubro do 64 conseguiron destituír ao secretario xeral.

- **Kennedy e a «Nova Fronteira».**

Se a chegada de Krushev supuxo un cambio de actitude na URSS, a presidencia de John F. Kennedy nos Estados Unidos, entre 1960 e 1963, significou tamén un cambio de notables proporcións. O seu programa denominábase «*Nova Fronteira*» e supoñía rachar coa política anterior seguida polos Estados Unidos. Fronte á resposta nuclear debería arbitrarse a resposta flexible, baseada no fortalecemento das armas convencionais, para poder dispoñer dunha saída que non fose a guerra atómica.

«(...) A aqueles pobos que, nas cabanas ou nas aldeas, no medio do globo, loitan por romper coa miseria das masas, prometémoslles os nosos mellores esforzos para axudalos a que se axuden a si mesmos durante todo o tempo que sexa necesario, non porque os comunistas o estean facendo, non porque busquemos os seus votos, senón porque é xusto. Se a sociedade libre non pode axudar aos moitos que son pobres, xamais poderá salvar aos poucos que son ricos.

...En fin, a aquelas nacións que se converten elas mesmas en inimigas nosas, ofrecémoslles non unha promesa, senón unha petición: que ámbalas dúas partes empecen de novo a busca da paz, antes de que as negras forzas da destrución, liberadas pola ciencia humana, fundan a toda a humanidade nunha autodestrución premeditada ou accidental. Non trataremos con elas con debilidade. Porque só se as nosas armas son suficientes sen ningunha dúbida, poderemos estar certos tamén sen ningunha dúbida de que nunca serán empregadas. Pero tampouco poden dous grandes e poderosos grupos de nacións sentirse satisfeitos da súa carreira actual, estando ámbalas dúas partes sobrecargadas polo custo das armas modernas; estando ambas xustamente alarmadas pola acentuada expansión do átomo mortal e competindo ambas para alterar no seu favor a incerta balanza do terror que concluíría lembrando por ambas partes que a civilización non é un signo de debilidade e que a sinceridade sempre está suxeita a proba. Non cheguemos nunca a un acordo baseado no temor, pero tampouco sintamos endexamais o temor a chegar a un acordo. Examinemos ámbalas dúas partes que problemas son os que nos unen en troques de crear problemas que nos dividan. Formulemos por vez primeira serias e precisas propostas para a inspección e o control dos armamentos e coloquemos o poder absoluto de destruír outras nacións baixo o absoluto control de todas as nacións».

JOHN F. KENNEDY: Discurso de toma de posesión, 20 de Xaneiro de 1961

Kennedy iniciou unha inflexión cara unha nova política exterior: tratábase de orientar a política exterior a través da axuda económica e técnica e non só a través dos pactos militares. Superábase a guerra como medio de solucionar conflitos, conscientes de que o «equilibrio do terror» levaría a unha destrución dos dous grandes ou a unha hecatombe mundial pero concedíasele, aínda, un peso moi importante nos presupostos á carreira armamentística para ver de superar a vantaxe coa que contaba a URSS.

Tanto Kennedy como Krushev buscaron, pois, a coexistencia pacífica, sen embargo, nos seus mandatos producíronse algunhas das crises máis graves da posguerra.


- **A irrupción do Terceiro Mundo na escena internacional: A non aliñación**

O proceso descolonizador, un dos fenómenos históricos máis transcendentais da historia actual, foi relativamente rápido e isto pode explicarse tanto pola fundación da ONU e a actitude das superpotencias como pola progresiva toma de conciencia dos países sometidos ao sistema colonial. A descolonización iniciouse en Asia e a Conferencia de Bandung (Indonesia) de 1955 supuxo un punto de non retorno. Nela manifestouse a solidariedade cos países aínda dependentes e condenouse globalmente toda forma de colonialismo, sendo punto de arranque do movemento dos non aliñados. Estes países negáronse a aliñarse con algún dos bloques e destacaron especialmente a Iugoslavia de Tito, o Exipto de Nasser e a Indonesia de Sukarno na defensa da neutralidade. Este movemento dos Non Aliñados celebrou conferencias (O Cairo, Alxer, A Habana...) nas que tamén se analizaban os problemas do subdesenvolvemento e se insistía na necesidade de promover unha nova orde económica mundial na que xogara un papel importante a cooperación internacional e a axuda dos países desenvolvidos. Todo isto trastornou os equilibrios existentes no mundo bipolar da guerra fría e acelerou os procesos de cambio das relacións internacionais. A opción do Non Aliñamento axudou aos movementos de liberación das antigas colonias e contribuíu a formación dun mundo multipolar.

### 3. 2. Algúns conflitos graves durante a época da coexistencia pacífica

#### . O muro de Berlín

Berlín occidental era un modelo a imitar para os alemáns orientais pola súa rápida recuperación económica debida, en boa medida, á axuda do capital americano. Gran número de alemáns fuxira do sector soviético (3 millóns en dez anos) buscando unha mellor calidade de vida e Krushev pediu aos Estados Unidos que solucionasen a «cuestión» berlinesa. Para iso fixo a proposta de convertela en cidade libre desmilitarizada, proposta rexeitada polos occidentais, que reforzaron os seus efectivos na RFA. Fixéronse famosas naquela época a viaxe de Kennedy a Berlín así como a frase «¡Son un berlinés!», por el pronunciada en aberto desafío ás intencións soviéticas. A República Democrática, como resposta, intensificou os controles que impedían a libre circulación entre os dous sectores da cidade e, en agosto de 1961, levantou un muro ao longo da liña de demarcación entre as dúas zonas poñendo fin ao éxodo de milleiros de alemáns do Leste.



Muro de Berlín.

«A liberdade ten moitas dificultades e a democracia non é perfecta, pero nunca tivemos que erguer unha muralla para impedir que os nosos pobos fuxan de nós. Quero dicir, no nome dos meus compatriotas que viven a moitas millas de distancia ao outro lado do Atlántico e que están moi afastados de vós, que están moi orgullosos de ter compartidos con vostedes, mesmo desde a distancia, a historia dos últimos dezaoito anos (...). Aínda que o muro é a demostración máis viva e evidente dos fracasos do sistema comunista, non nos satisfai o máis mínimo, porque é unha ofensa, non só contra a Historia senón tamén contra a Humanidade (...).



A liberdade é indivisible e, cando un home é escravizado, os demais homes non poden considerarse libres. E cando todos sexan libres, daquela poderemos desexar o día en que esta cidade quede unida ás demais, ao país, ao continente europeo con toda a gloria que merece. Cando, finalmente, chegue ese día, como indubidablemente chegará, o pobo de Berlín occidental poderá sentirse orgulloso de ter permanecido, día tras día, na primeira liña da batalla durante case dúas décadas.

Tódolos homes libres, onde queira que vivan, son cidadáns de Berlín e, xa que logo, como home libre, estou profundamente orgulloso de facer esta declaración: «Eu son un berlinés».

## • A crise dos mísiles de Cuba

A crise de Cuba sinalou o retorno á guerra fría despois da relativa distensión dos anos precedentes. A chamada *crise dos mísiles* foi o punto culminante dunha situación que comezara tres anos antes, cando os guerrilleiros de Fidel Castro botaron do poder ao ditador Batista, sostido durante moito tempo polos Estados Unidos. A intransixencia dos americanos, inquietos polos proxectos revolucionarios de Castro, acelerou o achegamento deste á URSS. O presidente americano, Kennedy, deu a súa aprobación a un plano para invadir a illa. O 14 de Abril de 1961 un comando composto por refuxiados anticastristas, equipados e adestrados nos Estados Unidos, desembarcou en Baía Cochinos, pero a expedición foi un completo fracaso. As relacións entre Cuba e Washington rompéronse totalmente e o temor de que Cuba puidese exportar a súa revolución medraba entre os norteamericanos.



Ao rematar o ano 1959 un grupo revolucionario cubano dirixido por Fidel Castro tomou o poder en La Habana. A política de nacionalizacións de empresas estranxeiras —case todas norteamericanas— provocou o seu enfrontamento cos Estados Unidos e, paralelamente, o seu achegamento á Unión Soviética, converténdose Cuba nun novo foco na confrontación entre os dous bloques da Guerra Fría. O seguinte fragmento procede dun discurso de Fidel Castro en 1962

«Fronte á acusación de que Cuba quere exportar a súa revolución, respondemos: as revolucións non se exportan; fanas os pobos. O que Cuba pode dar aos pobos e deu xa é un exemplo. ¿E que ensina a revolución cubana?. Que a revolución é posible, que os pobos poden facela, que no mundo contemporáneo non hai forzas capaces de impedir o movemento de liberación dos pobos.

O noso triunfo non tería sido endexamais factible se a revolución mesma non estivese inexorablemente destinada a xurdir nas condicións existentes na nosa realidade económico-social, realidade que existe en grado aínda maior nun bo número de países de América Latina».

FIDEL CASTRO: Segunda Declaración da La Habana, 4 de Febreiro de 1962



O presidente Kennedy impulsou o apoio económico aos países iberoamericanos para evitar a inestabilidade e o «*contaxio revolucionario*», mentres que a URSS facilitou axuda militar ao réxime castrista. En 1962 uns avións americanos de recoñecemento descubriron ramplas de lanzamento de mísiles na illa o que serviu de detonante á crise. Kennedy decretou o bloqueo da illa e lanzou un *ultimátum* a Krushev

para que retirara os enxeños balísticos, decisión aceptada polo dirixente da URSS a cambio de que Estados Unidos se comprometése a non atacar a Cuba<sup>11</sup>.

«Este goberno, tal e como prometeu, mantén unha severa vixilancia sobre os dispositivos militares soviéticos situados na illa de Cuba. Durante a pasada semana, probas irrefutables demostraron o feito de que naquela illa prisioneira se están realizando preparativos para instalar unha serie de rampas de lanzamento de proxectís dirixidos. O propósito destas bases non pode ser máis ca o de proporcionar á illa capacidade de ataque nuclear en contra do hemisferio occidental.

(...) Polo tanto, actuando en defensa da nosa propia seguridade e de todo o hemisferio occidental (...) ordenei que se tomasen as seguintes medidas:

1ª. Deter a construción deste aparello ofensivo, para o que, todo equipo militar que sexa enviado a Cuba deberá suxeitarse a unha estrita corentena (...). Tódolos buques que naveguen rumbo a Cuba, se se lles descubren armas ofensivas no seu cargamento, serán obrigados a retroceder no seu rumbo.

2ª. Ordenei que continúe a crecente vixilancia da illa de Cuba. Se proseguen estes preparativos militares ofensivos, incrementando así a ameaza sobre este hemisferio, quedará xustificada toda acción posterior pola nosa parte.

3ª. Será política desta nación considerar calquera mísil nuclear lanzado dende Cuba contra calquera país, como un ataque directo da URSS contra os Estados Unidos; ataque que deberá ir seguido da axeitada resposta de represalia sobre a URSS.

6ª. Baixo o estipulado na Carta das Nacións Unidas, pedimos que se convoque para esta noite unha reunión de emerxencia do Consello de Seguridade.

7ª Fago un chamamento ao presidente Krushev para que deteña e elimine esta clandestina, temeraria e provocadora ameaza contra a paz mundial e contra as relacións estables entre as nosas dúas nacións.»

Discurso do presidente Kennedy ao país o 22 de outubro de 1962

Imporíase un novo entendemento, a distensión efectiva: a coexistencia pacífica ou *detente*. A instalación do «*teléfono vermello*», que enlazaba a Casa Branca co Kremlin ou o Tratado sobre prohibición de probas nucleares no espazo foron reflexo da nova situación. En adiante, as relacións internacionais baseáronse nun equilibrio de forzas sostido polo temor a un conflito nuclear.

## • Oriente Medio: Conflito árabe-israelí

O Próximo Oriente, desde a fundación do Estado de Israel, converteuse nun foco de conflitos entre os xudeus e os seus veciños árabes, que ten provocado xa catro guerras (1948-49, 1956, 1967 e 1973). A confrontación vai máis alá das reivindicacións territoriais: trátase do control da «*Terra Santa*», da auga e das comunicacións estratéxicas. Nos anos 60 un novo factor veu a agravar a tensión en Oriente Medio: o petróleo, principal fonte de enerxía dos países industrializados de Occidente. A terceira guerra árabe-israelí ou *Guerra dos Seis Días*, comezou en Maio de 1967. Nasser, co apoio dos Estados árabes iniciou unha operación de revancha contra os israelís. Tras conseguir a retirada dos Cascos Azuis do Golfo de Aqaba bloqueou Eilat, porto por onde recibía Israel o petróleo. Israel replicou cunha rápida e contundente ofensiva: en seis días os xudeus derrotaron ó inimigo, ocuparon Cixjordania, o Golán, a zona árabe de Xerusalén e a península do Sinaí

Da perigosidade que alcanzou o conflito pode dar idea o feito de que por primeira vez se usou o «*teléfono vermello*». Reunido o Consello de Seguridade da ONU, en Novembro do 67, acordou a retirada das forzas israelís dos territorios ocupados e o respecto e

<sup>11</sup> A negociación secreta, na que non se tivo en conta a opinión do goberno de Cuba, significou a diminución da tensión entre as dúas grandes potencias. Os Estados Unidos comprometéronse a desmantelar os seus mísiles que apuntaban á U.R.S.S. desde as bases de Turquía.

recoñecemento da soberanía, da integridade territorial e da independencia de cada estado da rexión. Afirmaba, ademais, a necesidade de garantir a liberdade de navegación nas augas internacionais da rexión así como de conseguir unha solución xusta ao problema dos refuxiados. Ningunha das partes aceptou a resolución na súa totalidade e os incidentes fronteirizos continuaron, sendo os Estados Unidos os subministradores de armas a Israel e a URSS a abastecedora dos países árabes.



Control da poboación palestina

O cuarto enfrontamento, a *Guerra de Yom Kippur*, desencadeouse en 1973. A ofensiva exipcio-siria sorprendeu a Israel o día da festa relixiosa do Yom Kippur. Os árabes, provistos de armamento soviético, obtiveron sensíbles avances no Sinaí e no Golán. O exército israelí logrou posteriormente cercar ao exército exipcio pero as dúas superpotencias decidiron conter a guerra ata conseguir un alto o fogo. O conflito tivo consecuencias considerables para o futuro económico do mundo. En Outubro de 1973, os ministros dos países árabes da OPEP decidiron aumentar o prezo do petróleo nun 70% e reducir as entregas ata que os israelís se retiraran dos territorios ocupados.

Por fin, en Marzo do 79 asinábase en Washington un tratado de paz exipcio-israeli, consecuencia dos acordos de Camp David. Pero a utilización do petróleo como *arma económica* produciu graves e duradeiras consecuencias nas economías occidentais e, neste sentido, a guerra do 73 foi un feito decisivo.

## • Vietnam

Durante a 2ª Guerra Mundial os xaponeses ocuparon Indochina pero como o réxime de Vichy era aliado de Alemaña, deberon coexistir as autoridades francesa e nipona. Os xaponeses proclamaron en 1945 a independencia e tras a súa derrota, estableceuse no Vietnam un goberno provisional revolucionario, presidido por Ho-chi-minh, que non foi admitido polos franceses que pretendían volver á situación colonial de preguerra. Un movemento nacionalista, o *Viet-minh*, iniciou a guerra pola independencia, que desde 1949 contou co apoio dos comunistas chinos e chegou a dominar as tres cuartas partes do país. En 1954 o exército francés foi cercado e feito prisioneiro en *Dien-Bien-Fu*, o que obrigou a Francia a conceder a independencia. Na conferencia de París dese ano as potencias europeas constituíronse en garantes do novo Estado, provisionalmente dividido en Vietnam do Norte e do Sur polo paralelo 17 ata que unhas eleccións determinasen o réxime que ía ter a nova nación. Os Estados Unidos non firmaron os acordos de París e apoiaron ao réxime do Sur, onde se instalara a ditadura de Ngô Dinh-Diem, e comezaron a intervir na zona. Documentos norteamericanos da época proban que nese momento os Estados Unidos tentaban substituír a Francia no desfrute das riquezas mineiras vietnamitas, aínda que



posteriormente o goberno de Washington pretendera dar un matiz ideolóxico, de loita contra o comunismo, á súa intervención.

Baixo a presidencia de Kennedy enviáronse os primeiros «*conselleiros*» militares para fortalecer ao réxime do Sur e no mandato do seu sucesor, Johnson, iniciouse o envío de forzas armadas: 165.000 soldados no 65 e 510.000 no ano 68. Utilizáronse, ademais, por parte americana, bombardeos sistemáticos, napalm, defoliantes e herbicidas, etc. Os Estados Unidos consideraban que en Vietnam se xogaba a carta da expansión do comunismo internacional e ofreceron un apoio masivo aos dirixentes survietnamitas. Isto non foi capaz de contrarrestar a influencia que ía gañando o movemento guerrilleiro *Vietcong* entre os campesiños survietnamitas.

A ofensiva lanzada por este no ano 68 convenceu aos americanos da imposibilidade dunha vitoria, iniciándose en París negociacións para un alto o fogo, que se conseguiu en Xaneiro do 73 e polo que os americanos se comprometían a evacuar o país en dous meses e desmantelaban as súas instalacións militares. Aínda así a loita continuou ata 1975 coa caída de Saigón e a vitoria popular do *Vietcong*. Paralelamente, en Laos e Camboxa proclamáronse repúblicas populares. A guerra do Vietnam supuxo para os Estados Unidos un fracaso total e un forte desprestixio internacional: 45.000 mortos, 300.000 feridos e unha opinión mundial en contra foi o seu balance. Nixon, presidente entón, adoptou unha nova estratexia: en adiante as intervencións directas e masivas serían substituídas pola asistencia indirecta e a diplomacia.

#### **4. Coexistencia pacífica, carreira de armamentos e conferencias de desarmamento.**

A comezos dos anos 70 produciuse unha distensión nas relacións internacionais. En China, tras o fracaso da revolución cultural, impúxose unha actitude máis pragmática e abandonouse o concepto dun enfrontamento global co «*imperialismo americano*». Pola súa banda os Estados Unidos optaron por aproveita-la rivalidade existente entre as dúas potencias comunistas, de aí a normalización de relacións chino-norteamericanas a partir da visita do presidente Nixon a Pekín, no ano 1972.

En Maio dese mesmo ano celebrouse un cumio en Moscú, entre Nixon e Breznev, no que ambos dirixentes chegaron a uns acordos de limitación de armas estratéxicas<sup>12</sup>, coñecidos como *SALT I*. Tiveron unha especial significación pois supuxeron o primeiro acordo de limitación armamentística que se deu desde a Guerra Mundial.

Unha vez asegurado o contacto permanente entre as dúas superpotencias, as negociacións tiveron especial repercusión no ámbito europeo. A principal iniciativa partiu de Alemaña. En 1969 o socialdemócrata Willy Brandt iniciou a *Ostpolitik*, política de achegamento ao bloque comunista, mediante o asinamento de varios tratados. A República Federal Alemana comprometiase a non utilizar a forza para alterar as fronteiras demarcadas tras a Segunda Guerra Mundial. Tamén a normalización de relacións entre as dúas Alemañas deu como resultado que ámbalas dúas fosen admitidas na ONU no ano 1973.

Nese mesmo ano comezaron en Viena as negociacións entre a Alianza Atlántica e o Pacto de Varsovia sobre «*redución mutua e equilibrada de armamentos*».

---

<sup>12</sup> Armas estratéxicas é a denominación que reciben as armas nucleares capaces de alcanzar o territorio norteamericano dende o soviético ou viceversa.



A pesar da activa diplomacia de Henry Kissinger, secretario de Estado con Nixon e con Ford, a capacidade americana de influír nos asuntos mundiais foi diminuindo. Ás dúas superpotencias, Estados Unidos e URSS, engadíronselle agora a China popular, Europa Occidental e Xapón e habería que ter en conta, ademais, ao Terceiro Mundo e ao movemento de países non aliñados. Estábase pasando a un mundo máis plural no que o esquema do bipolarismo xa non servía. Foi neste contexto no que se desenvolveu a *Conferencia para a Seguridade e Cooperación en Europa (CSCE)*, no ano 1975 en Helsinki, e que supuxo un forte cambio nas relacións internacionais.

A Acta final comprendía unha solemne declaración de salvagarda das fronteiras europeas, un compromiso de cooperación en varios aspectos económicos, científicos e culturais, e un compromiso de respecto dos dereitos humanos e as liberdades por parte dos Estados asinantes. A realidade que estamos a vivir converte en papel mollado moitas destas intencións que, en calquera caso, supuxeron un novo talante no discorrer das relacións internacionais.

Hai quen considera que a Guerra Fría rematou coa **Conferencia sobre Seguridade e Cooperación en Europa**. Esta é a Acta de Helsinki, coa que rematou a Conferencia de 1975

«Declaración sobre os principios que rexen as relacións entre os estados participantes:  
(Os estados participantes)...Declaran a súa determinación de respectar e poñer en práctica, cada un deles nas súas relacións cos demais estados participantes, independentemente dos seus sistemas políticos, económicos ou sociais, así como do seu tamaño, situación xeográfica ou nivel de desenvolvemento, os seguintes principios, todos eles de significación primordial, que rexen as súas relacións mutuas:  
I.- Igualdade soberana, respecto dos dereitos inherentes á soberanía.  
II.- Abstenção de recorrer á ameaza ou ao uso da forza.  
III.- Inviolabilidade das fronteiras.  
IV.- Integridade territorial dos Estados.  
V.- Arranxo das controversias por medios pacíficos.  
VI.- Non intervención nos asuntos internos.  
VII.- Respecto dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais, incluída a liberdade de pensamento, conciencia, relixión ou crenza.  
VIII.- Igualdade de dereitos e libre determinación dos pobos.  
IX.- Cooperación entre os Estados.  
X.- Cumprimento de boa fe das obrigas contraídas segundo o dereito internacional».

Acta Final da Conferencia sobre Seguridade e Cooperación en Europa. Helsinki, 1/8/75